


Programación Didáctica



Xustificación

En 1916 o profesor da Escola Normal de Pontevedra e futuro director da de Santiago, José María Crespo Rodríguez, editaba nesa mesma cidade *as Nociones De Geografía de Galicia*, considerado o primeiro manual de Xeografía adicado a Galicia.

Co motivo do centenario, e dentro da programación do Museo Pedagógico de Galicia, a partires de xaneiro 2015, haberá unha exposición temporal que co título *O mundo nas mans. Material cartográfico escolar nos séculos XIX e XX* amosa, ademais do nomeado libro, unha escolma de pezas do propio museo relacionada coa cartografía e as disciplinas que a impregan como medio didáctico.

Con esta **Programación didáctica**, para a etapa de **Educación Primaria**, buscamos que os vosos alumnos e alumnas investiguen, e sexan capaces de diferenciar distintas elementos da cartografía, así coma poder orientarse no espacio (baseada no currículo de Educación Primaria Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.)

- **Obxectivos Xerais**

- Dar a coñecer a importancia dos mapas, da xeografía e da cartografía na vida cotiá.
- Fomentar o interese polo patrimonio educativo, así coma o Museo, a través das pezas presentadas na Exposición.

Obxectivos relacionados co Currículo de E.Primaria:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

ACTIVIDADE DE APRENDIZAXE INTEGRADA: O MUNDO NAS MANS				3º EP
Área	Contidos	Criterios de Avaliación	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Ciencias Naturais	B1.1. Realización de proxectos e presentación de resultados.	B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e	CAA CCL

	<p>B1.2. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.</p> <p>B1.3. Utilización básica de tratamento de textos para a presentación de traballos.</p>	documentación sobre o proceso.	<p>comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.</p> <p>CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p>	<p>CMCCT</p> <p>CSIEE</p> <p>CD</p>
Ciencias Sociais	<p>B2.2.O planeta Terra e a Lúa, o seu satélite. Características</p>	<p>B2.2.Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias máis directas que producen na súa vida diaria e na contorna próxima.</p>	<p>CSB2 2.1.Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.</p>	<p>CMCCT</p> <p>CAA</p>
	<p>B2.4.Formas de representar a Terra. planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.</p> <p>B2.5.Cartografía. Planos e mapas. O</p>	<p>B2.4.Identificar as distintas formas de representar a superficie terrestre e localizar o lugar no que vive.</p> <p>B2.5.Distinguir entre planos e mapas,</p>	<p>CSB2.4.1.Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.</p> <p>CSB2.5.1. Diferencia entre plano, mapa e planisferios, interpreta</p>	<p>CMCCT</p> <p>CCL</p>

	<p>planisferio. Escalas sinxelas. Signos convencionais básicos. Orientación no espazo. Identificación sobre planos e mapas das diferentes rutas de acceso á escola, biblioteca,.. así como dalgúns elementos representativos da localidade.</p> <p>B2.6.Coñecemento e uso de diferentes técnicas, estratexias e instrumentos para orientarse no espazo. Puntos cardinais.</p>	<p>incluíndo os planisferios, facendo sinxelas interpretacións con escalas e signos convencionais básicos sobre mapas ou planos da súa entorna próxima.</p> <p>B2.6.Orientarse no espazo próximo empregando algunha técnica de orientación e instrumentos</p>	<p>unha escala sinxela nun mapa e identifica signos convencionais máis usuais e básicos que poden aparecer nel.</p> <p>CSB2.6.1.Orientase no espazo empregando algunha técnica de orientación e instrumento.</p>	<p>CMCCT CAA</p> <p>CMCCT CAA</p>
<p>Lingua Castelá e Literatura</p>	<p>B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.</p> <p>B1.9. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar.</p>	<p>B1.1.Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais</p> <p>B1.9. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.</p>	<p>LCB1.1.1. Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.</p> <p>LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.</p> <p>LCB 1.9.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a</p>	<p>CCL CAA CSC</p> <p>CCL CAA</p>

			comprensión.	CSC CSIEE
Matemáticas	<p>B3.1. Expresión e forma simple dunha medición de lonxitude, capacidade, masa ou peso.</p> <p>B3.2. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.</p> <p>B3.3. Realización de medicións</p>	<p>B3.1. Seleccionar e utilizar instrumentos e unidades de medida usuais, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, peso/masa, capacidade e tempo, en contextos reais.</p>	<p>MTB3.1.1. Identifica as unidades do sistema métrico decimal. Lonxitude, capacidade, masa ou peso.</p> <p>MTB3.1.2. Mide con diferentes instrumentos elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida</p>	<p>CMCT</p> <p>CAA</p>
	<p>B4.9. Interpretación de representacións espaciais en situacións da vida cotiá.</p> <p>B4.10. Representación elemental de espazos coñecidos: planos e maquetas.</p> <p>B4.11. Descrición de posicións e movementos nun contexto topográfico.</p>	<p>B4.5. Interpretar representacións espaciais (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares</p>	<p>MTB4.5.1. Obtén información puntual e describe unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) tomando como referencia obxectos familiares</p>	<p>CMCT</p> <p>CAA</p> <p>CCL</p>



Educación Física				
Valores Sociais e Cívicos	B2.2. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar.	B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.	VSCB2.2.1. Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala. VSCB2.2.2. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.	CSC CCL CAA CSIEE CSC CCL
Educación Plástica	B1.3. Interpretación e valoración da información que proporcionan as imaxes no contexto social e comunicación das apreciacións obtidas. B1.4. Indagación sobre diferentes maneiras de representar o espazo	B1.2. Interpretar o contido das imaxes e representacións do espazo presentes no contexto, con identificación das posicións dos elementos plásticos no espazo.	EPB1.2.1. Interpreta e valora a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas. EPB1.2.2. Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.	CCL CCEC CCL CCEC



Lingua Galega e Literatura	<p>B1.4. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas, respectando as opinións de quen fala e sen interrupcións inadecuadas</p>	<p>B1.4. Manter unha actitude de escoita adecuada, respectando as opinións dos e das demais.</p>	<p>LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións sen interromper.</p> <p>LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala.</p>	<p>☑ CCL</p> <p>☑ CSC</p>
	<p>B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas (expresións espontáneas, informacións, conversas reguladores da convivencia, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións das demais persoas, posturas e xestos adecuados)</p>	<p>B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral</p>	<p>LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p> <p>LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.</p> <p>LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>

Área	Contidos	Criterios de Avaliación	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Ciencias Naturais	B1.5. Iniciación á actividade científica.	B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información.	CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información.	CAA CMCCT CSIEE
Ciencias Sociais	B2.2. Formas de representación da Terra: planos, mapas, planisferios e globos terráqueos. B2.3. Identificación dos polos, o eixe e os hemisferios. B2.4. Os paralelos e meridianos. As coordenadas xeográficas: latitude e lonxitude. B2.5. Planos, mapas e planisferios. Mapas físicos e políticos. B2.6. Escalas e signos convencionais dun mapa.	B2.2. Explicar e comparar as distintas formas de representar a superficie terrestre identificando os polos, o eixe e os hemisferios e analizar cal delas reflicte mellor a realidade á que representa. B2.3. Identificar e manexar os conceptos de paralelos, meridianos e coordenadas xeográficas para localizar determinados puntos da Terra. B2.4. Diferenciar correctamente entre planos, mapas, planisferios, mapas físicos e políticos, analizar e describir as características máis relevantes de cada un e	CSB2.2.1. Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios CSB2.3.1. Localiza diferentes puntos da Terra empregando os paralelos e meridianos e as coordenadas xeográficas. CSB2.4.1. Identifica e clasifica distintos tipos de mapas, define que é a escala nun mapa, o seu uso e emprega e interpreta os signos convencionais básicos que	CAA CCL CMCCT CMCCT CAA CMCCT CAA

	B2.7.Orientación no espazo: Elaboración dun itinerario coa axuda de ferramentas dixitais.	interpretar a súa escala e signos convencionais básicos de cara a orientarse nun espazo determinado e á elaboración dun itinerario empregando as TIC.	poden aparecer nel.	
Lingua Castelá e Literatura	B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais	B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoitar.	LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.	CCL CAA CSC
	B1.8. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar	B1.8. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.	LCB1.8.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita, recollida de datos, pregunta e repregunta.	CCL CAA CSC CSIEE
Matemáticas	B3.1. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. B3.2. Realización de medicións. B3.3. Estimación de lonxitudes, capacidades e masas de obxectos e	B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.	MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades e masas de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a	CMCT CAA CSC

	<p>espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida.</p> <p>B4.10. Interpretación de representacións espaciais en situacións da vida cotiá.</p>	<p>B4.4. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.</p>	<p>estratexia utilizada.</p> <p>MTB4.4.1. Representa a escola, o barrio ou a aldea mediante un plano ou esbozo.</p>	<p>CMCT</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p>
Educación Física				
Valores Sociais e Cívicos	<p>B2.2. A comunicación receptiva. A escoita activa. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar.</p>	<p>B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.</p>	<p>VSCB2.2.1. Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.</p> <p>VSCB2.2.2. Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir.</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p>
Educación	<p>B1.12. Observación de elementos para estudo de escalas e</p>	<p>B1.4. Interpretar o contido das imaxes e das representacións do espazo presentes no</p>	<p>EPB1.4.1. Interpreta e valora a información obtida de imaxes no</p>	<p>CCL</p>

<p>Plástica</p>	<p>proporcións. B1.13. Indagación sobre as maneiras de representar o espazo</p>	<p>contexto, identificando as posicións dos elementos plásticos no espazo.</p>	<p>contexto social, e elabora e comunica informacións básicas.</p>	<p>CAA CCEC</p>
<p>Lingua Galega e Literatura</p>	<p>B1.4. Actitude de escoita adecuada e respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas. B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións das demais persoas, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xestos adecuados).</p>	<p>B1.4. Manter unha actitude de escoita activa, deixando falar os demais, sen anticiparse ao que van dicir e respectando as súas opinións B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral</p>	<p>LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper. LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala. LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.</p>	<p>CCL CSC CCL CSC CAA CCL CSC CCEC</p>

Metodoloxía

O currículo de primaria antes mencionado, lexisla que a metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Ademais, nos din que as actividades de aprendizaxe integradas poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinario.

O feito de tratar simultaneamente, nunha mesma actividade, contidos de bloques distintos e, mesmo, de disciplinas diferentes, permitiralle ao profesorado determinar a conveniencia de avaliar a totalidade ou só unha parte das competencias clave relacionadas con cada estándar de aprendizaxe.

Unha axeitada organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos e distribución do tempo, será fundamental para a consecución das intencións educativas. É importante ofrecerlles ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe nas cales poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións. Para iso empregamos diversas estratexias e recursos: a través de preguntas, follas de planificación, cos seus propios debuxos, opinións e propostas nos tempos de faladoiro... Todo isto baixo un ambiente lúdico para potenciar os aprendizaxes.



Esta proposta de actividades, xunto a visita ó museo, está pensada para desenvolver o potencial educativo das saídas e das visitas, planificadas detidamente, para sacar delas o maior partido educativo posible. É importante que a persoa docente teña moi claros cales son os contidos que pretende traballar coa visita, e non saír por saír, ou pretender observar e explorar todos os elementos do contorno. En calquera caso, sempre existirá unha finalidade -traducida en obxectivos-, un deseño e unhas actividades que estean inseridas na programación xeral e que permitan aproveitar ao máximo este recurso. O aproveitamento da actividade non finaliza coa volta ao centro, por iso o museo ofrece unha serie de actividades, relacionadas coa visita, para traballar tantos antes da visita, para propiciar un aprendizaxe significativo, como actividades para despois, e así afianzar todo o aprendido.

Actividades

Na programación de calquera saída ou actividade complementaria, hai tres fases do deseño e desenvolvemento das actividades.

- Antes da visita
- A visita
- Despois da visita

O MUPEGA ofrece actividades para cada bloque, para a súa realización na aula do alumnado, e así potenciar un aprendizaxe significativo, e fomentando así o aproveitamento da actividade. (para descargarlas ir ó Caderno de Actividades)


1. Antes da visita :Antes de realizar a actividade no MUPEGA é conveniente que os alumnos/as saiban o que van a ver, para fomentar ó máximo a súa participación nas actividades no museo. Por iso as actividades que propoñemos son de coñecemento de primeiro contacto con elementos e materiais cartográficos.

Estas actividades están destinadas a adquirir aprendizaxes previos a visita no museo: Léxico cartográfico, contidos cartográficos adaptados a súas idades: mapas, tipos de mapas, planos...

2. **A visita**: Percorrerán a estancia das Exposición temporal, pero antes explicaremos o que van a ver, certos contidos da cartografía, adaptados as súas necesidades e intereses . Por exemplo: como se pode plasmar en plano, sobre un papel o que ten a esfera terrestre... non é tan doado!

3. **Despois da visita**: Facilitamos actividades para afianzar os contidos aprendidos, e propoñemos unhas actividades sobre escalas, xa que na visita, explícase a diferencia entre dous mapas de Galicia a escalas diferentes, e unha actividade de investigación, para darlle interese e curiosidade a xeografía e a cartografía desde idades moi temperás.

A continuación presentase o Caderno de actividades.



O mundo nas mans

Caderno de Actividades




ACTIVIDADES PARA ANTES DA VISITA


Que é un mapa?

Desde tempos remotos, o ser humano intentou representar o espazo de xeito preciso para describir o territorio, os lugares e así percorrelo, exploralo e aproveitar os seus recursos.

Ese debuxo sobre o papel, da Terra ou parte dela nunha superficie plana é o que se denomina mapa.



Da esfera
terrestre en
(3D)




A representar a Terra sobre
un papel (en plano)




Intentade unha cousa... collede unha mandarina, unha pelota de tenis... algo esférico, e intentar poñelo plano


Pero... como pasamos dunha esfera ó papel?



Desenvolvendo o cilindro




Cortando a esfera coma se fose un cono




Sacando unha foto desde arriba



museo
pedagógico
de galicia



Teño unha idea:
Tedes que colorear, recortar,
e intentar facer una esfera





museo
pedagógico
de galicia

Cómo poden ser os mapas?

Imos ver varios mapas de Europa e así entendedes as diferencias


Proposta didáctica. *O mundo nas mans*. 3º e 4ºEP



Se representan un anaco de Terra como é, coas súas montañas, ríos... Chámanse **MAPAS FÍSICOS**

Se representan un anaco de Terra dividido por países, ou comunidades,... Chámanse **MAPAS POLÍTICOS**

Se representan a Terra enteira chámase **MAPAMUNDI** ou **PLANISFERIO**



PLANISFERIO FÍSICO



PLANISFERIO POLÍTICO



museo
pedagógico
de galicia

Actividade 1: Relaciona os mapas

Proposta didáctica. *O mundo nas mans*. 5º e 6º EP




MAPAS FÍSICOS




MAPAS POLÍTICOS



Actividade 2: Agora temos dous mapas de Galicia, imaxina e debuxa o mapa físico e o mapa Político




Mapa físico




Mapa político

Algo moi importante que temos que coñecer
para poder situarnos nun mapa son os

4 PUNTOS CARDINAIS:
NORTE, SUR ESTE E OESTE



En todos os mapas,
aparece a ROSA DOS
VENTOS, que indica onde
está os puntos cardinais






Imaxina que foras un Pirata, e tiveras que navegar polos mares....Sabes como averiguar onde está o Norte?



Compás



Se pola noite vemos a Estrela Polar, é que miramos ó Norte



O Sol, pola mañá, sae polo Este e vaíse polo Oeste


► Coñeces algunha outra maneira de averiguar onde está o norte?



museo
pedagógico
de galicia

Proposta didáctica. *O mundo nas mans.* 3º e 4ºEP


Actividade 3: Atopa a Rosa dos ventos nos seguintes mapas





Para poder atopar algún lugar no mapa, utilízase un sistema de cuadrícula. Debuxamos unhas liñas imaxinarias que se trazan no mapa ou plano: meridianos e paralelos

Os **PARALELOS** son liñas que rodean a Terra, e dicir, liñas que van de esquerda a dereita.. O paralelo que parte a Terra en dúas metades iguais chámase **ECUADOR**




Os **MERIDIANOS**, son liñas que van do Polo Norte ó Polo Sur. Son liñas que van de arriba a abaixo. O meridiano 0, tamén coñecido como **MERIDIANO GREENWICH**, pasa por España (Barcelona)

Con estas liñas imaxinarias, os mapas quedan dentro dunha cuadrícula, onde podemos atopar todos os lugares

Actividade 5: A vosa aula ten unha misión moi importante, e debemos atopar os seguintes puntos. Pinta no mapa os puntos segundo a súa localización. Mira o exemplo




- 60N, 100 O
- 40S, 160 E
- 40N, 80 O



Exemplo:

Quero atopar: 60 N, 80 E

Quere dicir que o punto é na recta dos paralelos 60 Norte, coa dos meridianos 80 Este



meridianos

Actividade 4: Agora xa sabemos moitas cousas dos mapas...

Xogamos á PIRATAS? Primeiro temos que observar este

debuxo:



* O mapa data de 1965 por iso non se corresponde os nomes das rúas coas actuais



Este é o mesmo que o debuxo anterior, é un plano da cidade de Santiago. Tedes que facer o camiño ó tesouro ata a Catedral, desde a Porta do Camiño pasando polas seguintes rúas:



- Casas Reais
- Praza de O Cervantes
- Rúa Jerusalén
- Praza San Miguel
- Rúa da Troya
- Praza da Inmaculada
- Praza do Obradoiro

* O mapa data de 1965 por iso non se corresponde os nomes das rúas coas actuais



Volve a mirar o mapa e contesta:



Cal é a rúa paralela á Rúa
“Nueva”?

Busca unha rúa transversal á
Praza de San Miguel

Pódese afirmar que a Rúa da
“Troja” é paralela a Rúa de
“Jerusalén”

* O mapa data de 1965 por iso non se corresponde os nomes das rúas coas actuais

*Xa sabedes un
montón de cousas...
agora tedes que vir
ó MUPEGA a ver a
exposición*

*“O mundo nas
mans”...*

Esperámosvos!!!!






museo
pedagógico
de galicia

Proposta didáctica. *O mundo nas mans*. 3º e 4ºEP

ACTIVIDADES PARA DESPOIS DA VISITA




museo
pedagógico
de galicia




Na visita explicámosvos que os mapas facíanse a escala. Cada céntimetro do mapa corresponde a 1km real, ou 10 km, ou 100km...

Por exemplo ► Se un mapa tivera unha escala 1:2 representase así no mapa



Nos mapas e planos as distancias das escalas son mais grandes:

1: 100 quere dicir que cada céntimetro do plano é 100 cm, o que é o mesmo que 1 m




1: 100.000 quere dicir que cada céntimetro do plano é 100.000 cm, o que é o mesmo que 1 Km







Imos representar os seguintes obxectos nunha escala de 1:2, e dicir: si teño 2 cm redúzoos a 1 cm

← 2 →




Reducimos a metade →

← 1 →




Debuxa ti este obxecto con escala 1:2





Agora tes que calcular as distancias que percorre noso amigo, Brais, o labrego. O plano ten unha escala 1:100.

Entón cada 1 cm que camiñe Brais corresponde a _____ cm na realidade o que é _____ m



Calcula as distancias reais

- do punto A ó D: _____
- do punto D ó E: _____
- do punto C ó E: _____

Por que camiño recorrerá menos metros para ir do seu pobo ó muiño:

A-B-D

A-D-E

Esperamos que foran do voso agrado as actividades así coma a visita e os obradoiros.

Para o deseño e a elaboración deste material consultouse a seguinte bibliografía:

- Callejo M^a Luz e Llopis Carmen (1999) PLANOS E MAPAS: Actividades interdisciplinares para representar el espacio. Narcea
- Cole J.P e Beynon (1978), INICIACIÓN A LA GEOGRAFÍA. Fontanella
- Aranaz del Río, F. (2010), TU AMIGO EL MAPA. Ministerio de Fomento
- Serveto Aguiló y Guerra Rosado (2010), Mi ciudad en los mapas. Propuesta didáctica para el conocimiento de los ámbitos urbanos, Consejería de Vivienda y Ordenación del Territorio, Consejería de Educación. JUNTA DE ANDALUCÍA

Bibliografía lexislativa:

- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre , para la mejora de la calidad educativa (LOMCE)
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia



Museo Pedagógico de Galicia
museo.pedagogico.galicia@edu.xunta.es

Santiago de Compostela
5 de Febreiro 2016